





**“ OS
SÉCULOS
ESCUROS ”**



INTRODUCCIÓN



Esplendor Medieval

- Normalización da lingua galega
- Importante escola trobadoresca
- Poder político de Galiza
- Estabilidade económica

Séculos Escuros

- Marxinación social da lingua galega
- Ausencia de literatura culta en galego
- Marxinación política de Galiza
- Empobrecemento económico

Rexurdimento





**MAPA DO REINO DURANTE O GOVERNO DE SANCHI E FERNANDO I
ANTES DO ANO 1065.**



**MAPA QUE AMOSA A FRAGMENTACIÓN DO REINO DESPOIS DO ANO 1065, DIVIDÍNDOSE DA SEGUINTE
MANEIRA:**

- DOMINIOS DE GARCÍA II (GALIZA).**
- DOMINIOS DE AFONSO VI (LEÓN).**
- DOMINIOS DE SANCHI II (CASTELA).**



**A PARTIR DO ANO 1128, AFONSO HENRIQUES
GOBERNOU INDEPENDENTEMENTE PORTUGAL
SEPARADO DEFINITIVAMENTE DO RESTO DO REINO
DE GALIZA.**

SÉCULOS ESCUROS - S.XVI, XVII E XVIII

POR QUE SE DENOMINAN ASÍ?

RECIBE O NOME DE SÉCULOS ESCUROS O PERÍODO HISTÓRICO QUE VAI DOS SÉCULOS XVI AO XVIII. CARACTERÍZASE POLO ESTADO DE MARXINACIÓN SOCIAL DO IDIOMA GALEGO E POLA AUSENCIA CASE TOTAL DE LITERATURA CULTA ESCRITA NA NOSA LINGUA. AMBOS OS FENÓMENOS INSÍRENSE NUN PROCESO DE MARCADA MARXINACIÓN POLÍTICA E DO PROGRESIVO EMPOBRECEMENTO ECONÓMICO DO NOUTRORA PRÓSPERO E PODEROSO REINO DE GALIZA.

**COMO CHEGAMOS A ESE
SILENCIO LITERARIO E SOCIAL?**

2. CONTEXTO HISTÓRICO

**1. TRANSFORMACIÓN DA SOCIEDADE FEUDAL,
QUE LEVA A DESAPACIÓN DA LÍRICA CORTESÁ**

**PREFERENCIA POLA POESÍA QUE
VIÑA DE ITALIA, O HUMANISMO E
O RENACEMENTO QUE IMITABA A
GRECIA E ROMA CLÁSICAS.**

2.1. CAUSAS POLÍTICAS DA DECADENCIA

**2. DECADENCIA DO CAMIÑO DE SANTIAGO EN FAVOR
DA LIÑA SEVILLA-TOLEDO-BURGOS**

2. CONTEXTO HISTÓRICO

3. 1º SUBSTITUCIÓN DA NOBREZA GALEGA POLA CASTELÁ NA GUERRA CIVIL DO ANO 1369



HENRIQUE DE TRASTÁMARA



PEDRO I, REI LEXÍTIMO APOIADO POLA
NOBREZA GALEGA

2.1. CAUSAS POLÍTICAS DA DECADENCIA

4. GUERRAS IRMANDIÑAS

OS IRMANDIÑOS ERAN OS MEMBROS DAS IRMANDADES
CONSTITUÍDAS PARA A DEFENSA DOS SEUS INTERESES
FRONTE AOS ABUSOS DOS SEÑORES.



5. 2º SUBSTITUCIÓN DA NOBREZA GALEGA NA DERROTA DE XOANA NA SUCESIÓN Ó TRONO DE CASTELA



TANTO DE NOBRES COMO O CLERO

**A SUCESIÓN DO REI
HENRIQUE IV (MORTO EN
1474) FOI DISPUTADA
ENTRE:**



DONA XOANA - FILLA DE HENRIQUE IV E DE XOANA DE PORTUGAL.

Sobre ela pesaba a dúbida de se era filla lexítima do monarca (que era chamado Henrique IV o impotente) ou froito dunha relación da súa nai co nobre Beltrán de la Cueva (de aí que a Dona Xoana a alcumasen A Beltranexa). Estaba casada co seu tío, o rei Afonso V de Portugal.

DONA ISABEL (A FUTURA ISABEL A CATÓLICA)


Medio irmá do rei Henrique IV. Casada con Fernando II de Aragón.

5. 2º SUBSTITUCIÓN DA NOBREZA GALEGA NA DERROTA DE XOANA NA SUCESIÓN Ó TRONO DE CASTELA

TANTO DE NOBRES COMO O CLERO


A MAIOR PARTE DA NOBREZA GALEGA APOIA O BANDO PERDEDOR, É DICIR, A DONA XOANA, REBELÁNDOSE CONTRA ISABEL I E CONTRA A SÚA POLÍTICA CENTRALISTA.

A GUERA CONCLÚE EN 1479, CANDO SE ASINA O TRATADO DE ALCÁÇOVAS, NO QUE SE RECOÑECEN A ISABEL E FERNANDO COMO REIS DE CASTELA.



**XA NO PODER, OS REIS CATÓLICOS TOMAN MEDIDAS
CONTRA A NOBREZA REBELDE DE GALIZA SOMETÉNDOA,
QUITÁNDOLLES O SEU PODER E, EN MOITOS CASOS,
SUBSTITUÍNDOA POR NOBRES DE FÓRA.**

**Foi, en palabras do cronista real
Jerónimo Zurita, a doma y
castración del Reino de Galicia:**



“En aquel tiempo se comenzó a domar aquella tierra de Galicia, porque no sólo los señores y caballeros della pero todas las gentes de aquella nación eran unos contra otros muy arriscados y guerreros, y (...) se fueron allanando y reduciendo a las leyes de la justicia con rigor del castigo.” (J. Zurita)

**E ISTO, OBVIAMENTE, TEN CONSECUENCIAS PARA A SITUACIÓN
SOCIOLINGÜÍSTICA: AGORA AS CLASES ALTAS NON FALAN GALEGO, SENÓN
CASTELÁN.**

FALAREMOS DISTO CON MAIOR DETEMENTO NO SEGUINTE PUNTO.

O MARISCAL PARDO DE CELA, UN REBELDE DO SÉCULO XV



**RESISTIU A OFENSIVA DOS REIS CATÓLICOS
DURANTE MÁIS DE TRES ANOS,
ATRINCHEIRADO NA FORTALEZA DA
FROUSEIRA
(EN ALFOZ, LUGO).**



**A LENDA CONTA QUE A SÚA MULLER LOGROU
QUE OS REIS CATÓLICOS LLE PERDOASEN A VIDA.
PORÉN, NON CHEGOU A TEMPO PARA IMPEDIR A
SÚA MORTE PORQUE A ENTRETIVERON NA
CHAMADA PONTE DO PASATEMPO (EN
MONDOÑEDO).**

O MARISCAL PARDO DE CELA, UN REBELDE DO SÉCULO XV



**O MARISCAL FOI DECAPITADO NA PRAZA DE MONDOÑEDO,
FRONTE Á CATEDRAL, O 17 DE DECEMBRO DE 1483**



CONSECUENCIAS

- Intensificación da política centralista.
- Eliminación da resistencia dos señores feudais á política dos Reis Católicos
- Designación de xentes non galegas para desempeñaren os principais cargos.
- Progresiva desaparición do galego nos documentos públicos (desde 1480 os escribáns deberán coñecer o castelán e serán formados e examinados en Castela)
- Anulación, oca axuda e beneplácito papal, da autonomía dos mosteiros e conseguinte chegada de abades e bispos foráneos, que aumentan a presenza do castelán en Galicia.
- O clero, agora castelá, ten en mans a educación e a moral cristiá; favorecendo a aparición do primeiro foco diglósico no país: unha minoría letrada que, formada en castelán, só utiliza esta lingua na escrita.

A POUCA LITERATURA DA ÉPOCA

Panxoliñas (anónimas)

Entremés famoso sobre a pesca do río Miño (de Gabriel Feixoo de Araújo)

Sonetos barrocos (Respique Finem)

Coplas do Saqueo de Cangas polos turcos

Pranto da Frouseira

2.2. SITUACIÓN ECÓNOMICA E DEMOGRÁFICA

O principal motor da economía continúa a ser a **agricultura**.
O campesiñado constitúe máis do 75% da poboación.

- Galiza tiña un **SISTEMA RENDISTA OU FORAL**: os campesiños traballaban as terras dos señores e pagábanlles o foro (un imposto que supoñía entre o 25% e o 50% do que colleitaban). Deste xeito...
 - Os señores (alto clero, nobreza, fidalguía) vivían comodamente a conta das rendas que lles pagaban os labregos.
 - Mentres tanto, o campesiñado sobrevivía na pobreza, vítimas do analfabetismo e sen poder acceder á propiedade da terra.



2.2. SITUACIÓN ECÓMICA E DEMOGRÁFICA

**O SISTEMA FORAL PERVIVIU
NO TEMPO ATÉ COMEZOS DO
SÉCULO XX**



2.2. SITUACIÓN ECÓMICA E DEMOGRÁFICA

- A poboación **medra** enormemente ao longo destes séculos.

Entre 1500 e 1750, a poboación galega pasou de 350.000 a 1.300.000 habitantes.

- O crecemento demográfico e a miseria do campesiñado explican o nacemento dun dos fenómenos máis importantes da nosa historia: **A EMIGRACIÓN**.
- Desde o século XVI prodúcense emigracións de galegos cara a **Andalucía, Portugal e Castela**, para o desempeño dos peores oficios.

A partir do XVIII, os galegos comezan a emigrar a Arxentina.

3. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA. AS ORIXES DO CONFLITO

Como consecuencia da situación sociopolítica que describimos, durante os Séculos Escuros rompeuse a **homoxeneidade lingüística** que existira na sociedade galega durante a época medieval.

O castelán vai **impoñéndose** paulatinamente en Galiza e orixínase unha situación diglósica caracterizada do seguinte xeito:

GALEGO	CASTELÁN
Lingua maioritaria Continúa a ser a lingua habitual da inmensa maioría da poboación (arredor do 95%)	Lingua minoritaria Só é a lingua das capas máis altas da sociedade (nobreza, alto clero...)
Lingua minorizada / dominada O galego deixa de empregarse nos textos escritos e apártase tamén de calquera ámbito social elevado. É unha lingua minusvalorada socialmente.	Lingua de prestixio / dominante É a lingua dos textos escritos e a lingua empregada polas clases dominantes.

A marxinación do galego dos ámbitos sociais elevados e da escrita ten consecuencias directas para a nosa lingua coma:

A. AUSENCIA DUNHA NORMA CULTA / ESTÁNDAR

B. AFASTAMENTO DO PORTUGUÉS

C. RURALIZACIÓN DO LÉXICO

D. CASTELANIZACIÓN DA ONOMÁSTICA

E. INTRODUCCIÓN DE CASTELANISMOS LÉXICOS

F. APARICIÓN DE PREXUÍZOS LINGÜÍSTICOS




4. A IMAXE DE GALIZA E DOS GALEGOS/AS

Como consecuencia da marxinación política e da pobreza en que vivía a maior parte da poboación galega, ao longo desta época nace unha imaxe do galego como un **pobo mísero, atrasado, inculto e carente de calquera virtude**, así como unha visión de Galiza como unha **terra inhóspita e fea**

**ÍOH MONTAÑA DE GALICIA
CUYA, POR DECIR VERDAD,
HERMOSURA ES SUCIEDAD,
CUYA MALEZA ES MALICIA...
GÓNGORA**



**GALICIA EN ESPAÑA ES TENIDA POR
RUDA, POBRE, BÁRBARA Y REMOTA,
POCO FAVORECIDA DE NATURALEZA,
FEA, CON MONTES Y ÁSPERA.
QUEVEDO**





GÓNGORA

**PÁLIDO SOL EN CIELO ENCAPOTADO
MOZAS ROLLIZAS DE ANCHOS CULISEOS
TETAS DE VACAS, PIERNAS DE CORREOS,
SUELO MENOS BARRIDO QUE REGADO;
CAMPO TODO DE TOJOS MATIZADO,
BERZAS GIGANTES, NABOS FILISTEOS,
GALLEGOS DEL CAIRO, BÚCAROS PIGMEOS,
TRAJE TOSCO Y ESTILO MAL LIMADO;
CUESTAS QUE LLEGAN A LA ARDIENTE ESFERA,
PAN DE GUINEA, TECHOS SAHUMADOS,
CANDELAS DE RESINA CON TERICIA;
PAPAS DE MIJO EN CONCAS DE MADERA,
CUEVAS PROFUNDAS, ÁSPEROS COLLADOS,
ES LO QUE LLAMAN REINO DE GALICIA.**

**“¿QUE DIABLOS ALABAIS LA TIERRA DE GALICIA, QUE JURO A DIOS TODA
ELLA ES TIERRA DE MIERDA?”**

LUCAS HIDALGO



**“LOS GALLEGOS VINIERON AL MUNDO PARA DESCANSO
DE LOS ANIMALES”**

TIRSO DE MOLINA



REFRANEIRO:

- **NO FÍES EN PERRO QUE COJEA NI EN AMOR DE GALLEGA**
 - **RUIN COMO GALLEGO**
- **NI PERRO NEGRO, NI MOZO GALLEGO**
 - **ANTES PUTO QUE GALLEGO**
 - **ANTES MORO QUE GALLEGO.**

A ILUSTRACIÓN SÉCULO XVIII

REVOLUCIÓN FRANCESA

SÉCULO DAS LUCES

EMPREGO DA RAZÓN E DA LÓXICA



COMBATER O DESCOÑECIMENTO HUMANO COA RAZÓN

OS ILUSTRADOS

DENUNCIARON:

A SITUACIÓN DA AGRICULTURA

O SISTEMA FORAL

A ORGANIZACIÓN DA PROPIEDADE

A SITUACIÓN CULTURAL

DEMANDAS:

DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA

INTRODUCCIÓN DE NOVOS CULTIVOS

EDUCACIÓN PARA O POBO

MELLORAR A VIDA DO CAMPESIÑADO

OS ILUSTRADOS GALEGOS

NO EIDO CULTURAL:

GALICIA COMO ENTIDADE PROPIA E DIRENCIADA

DEFENSA DA NOSA LINGUA E CULTURA

O PAI SARMIENTO



O PAI FEIXOO



O PREREXURDIMENTO

1808–1863 (*Cantares gallegos*)

Escritores comprometidos coa defensa
de Galicia e dos galegos a través da
recuperación da cultura galega

XOÁN MANUEL PINTOS



FRANCISCO AÑÓN



TRIVIAL

COMPLETA A FRASE: SÉCULOS _____

A) OSCUROS

B) ESCUROS

C) MEDIEVAIS

D) NEGROS

CANTO DURAN OS SÉCULOS ESCUROS?

A) TRES SÉCULOS

B) DOUS SÉCULOS

C) CATRO SÉCULOS

D) UN SÉCULO

QUE SÉCULOS SE IDENTIFICAN COMO S.ESCUROS?

A) X-XI-XII

B) XVI-XVII-XVIII

C) XV-XVI-XVII

D) V-VI-VII

COMO DEFINIMOS SÉCULOS ESCUROS

A) PERÍODO DE ESPLENDOR DA LITERATURA GALEGA

B) PERÍODO DE MARXINACIÓN DE GALICIA

C) SÉCULOS DE MAL TEMPO CLIMÁTICO

D) SÉCULOS DE MARXINACIÓN

QUE DOUS REINOS SE SEPARAN?

A) GALICIA E PORTUGAL

B) GALICIA E CASTELA

C) GALICIA E LEÓN

D) GALICIA, LEÓN E CASTELA

CAL FOI A SITUACIÓN DA LINGUA DURANTE ESTES SÉCULOS?

- A) O GALEGO ERA UNHA LINGUA QUE GOZABA DE MOITO PRESTIXIO**
- B) O GALEGO ESTA RELEGADO AOS USOS ORAIS**
- C) O GALEGO ERA A LINGUA DOS NOBRES**
- D) O GALEGO ERA A LINGUA QUE SE USABA NA LITERATURA**

SINALA DÚAS CAUSAS DOS S.ESCUROS

A) A GUERRA DINÁSTICA ENTRE XOANA E ISABEL

B) A IMPORTANCIA DO CAMIÑO DE SANTIAGO

C) A FUNDACIÓN DA UNIVERSIDADE

D) SUBSTITUCIÓN DA NOBREZA E CLERO GALEGO POR CASTELÁN

SINALA CAL NON É UNHA CAUSA DOS SÉCULOS ESCUROS

A) DECADENCIA DO CAMIÑO DE SANTIAGO

B) SUBSTITUCIÓN DE NOBRES GALEGOS POR CASTELÁNS

C) A CHEGADA DA ILUSTRACIÓN

D) A CHEGADA DA IMPRENTA

QUEN FOI PARDO DE CELA?

- A) UN CURA QUE DEFENDEU O USO DO GALEGO NO ENSINO**
- B) UN NOBRE CASTELÁ QUE DOMINOU GALICIA**
- C) UN NOBRE GALEGO SÍMBOLO DA RESISTENCIA CONTRA CASTELA**
- D) O ESCRITOR DA GAITA GALLEGA**

COMO MORREU PARDO DE CELA

A) NON MORREU, FUXÍU A PORTUGAL

B) ASASINADO POLOS REIS CATÓLICOS

C) NAS GUERRAS IRMANDIÑAS

D) NA GUERRA CONTRA CASTELA

EXISTÍU LITERATURA EN GALEGO NESTA ÉPOCA?

A) NON

B) SI, MOITÍSIMA

C) SI, PERO POUCA E MOITA NON SE CONSERVOU

D) SI, ERA TODA ANÓNIMA

QUE ESCRIBIU GABRIEL FEIXOO DE ARAUXO?

A) ENTREMÉS DE BANCROFT LIBRARY

B) A GAITA GALLEGA

C) CANTARES GALLEGOS

D) ENTREMÉS FAMOSO SOBRE A PESCA DO RÍO MIÑO

**EN QUE SÉCULO LEVANTAN A SÚA VOZ EN DEFENSA DOS
GALEGOS OS ILUSTRADOS?**

A) NO SÉCULO XVII

B) NO SÉCULO XV

C) NO SÉCULO XXI

D) NO SÉCULO XVIII

A QUE CLASE SOCIAL PERTENCÍAS OS ILUSTRADOS?

A) NOBREZA

B) CAMPESIÑADO

C) CLERO

D) BURGUESÍA

QUE TEXTO PERTENCE AOS PRECURSORES

A) CANTARES GALLEGOS

B) A GAITA GALLEGA

C) LENDA NEGRA

D) O CORAZÓN DE XÚPITER

QUEN ESCRIBIU A GAITA GALLEGA?

A) FRANCISCO AÑÓN

B) PAI SARMIENTO

C) PAI FEIXOO

D) XOÁN MANUEL PINTOS

CAL É A DATA DE COMEZO DO PRERREXURDIMENTO?

A) 1808

B) 1810

C) 1863

D) 1864

QUAL É A DATA DE REMATE DO PRERREXURDIMENTO?

A) 1808

B) 1810

C) 1863

D) 1864

QUEN ESCRIBIU A GALICIA?

- A) FRANCISCO AÑÓN**
- B) ROSALIA DE CASTRO**
- C) PAI FEIXOO**
- D) XOÁN MANUEL PINTOS**

FIN